

XXX XUNTANZA INTERNACIONAL DE GAITEIROS

30 anos de historia

Festas da Ponte
Ourense
24 de xullo de 2015
ás 9 da tarde

PATROCINAN




DEPUTACIÓN
OURENSE



CONCELLO DE OURENSE




Sociedade Artesana "La Troya"



XUNTA
DE GALICIA

Na memoria dos "Enxebres d'a Troya de Ourense"



XXX XUNTANZA INTERNACIONAL DE GAITEIROS

Ponte Romana – Festas da Ponte (Ourense)
24 de Xullo 2015, ás 21:00h

Presenta: Nora Sola

PARTICIPANTES

- Queixumes dos Pinos
- Biouteiro -ASTELU (Lugo)
- Lapsus Gaita (Verín)
- Isabel e Amelia (Barcelona) con Marco Foxo
- Gaiteiros do Mirandum (Portugal)
- Cantareiras da Real Banda
- Pol Lari & Meritxell Bayarri (Catalunya)
- Óscar Ibáñez & Tribo (Pontevedra)
- Juanjo Fernández (Lugo)
- Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense

OS ENXEBRES D'A TROYA DE OURENSE



ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE 30 ANOS DE HISTORIA

A Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense cumpre neste ano 2015 trinta anos de historia. Trinta anos de múltiples actividades que, sen dúbida, marcan un importante capítulo da historia da Provincia de Ourense.

Fora no ano 1985 cando Víctorino Núñez puxera en marcha a Escola Provincial de Gaitas coa filosofía de valorar o noso patrimonio inmaterial no eido da música popular, centrado no ensino da gaita e o seu desenvollo.

Dende o primeiro día propuxémonos convertir a Ourense nun referente mundial no mundo da gaita. Para iso desenvolveuse un sistema pedagóxico para o ensino da gaita con base no pentagrama que chegaría a tódolos concellos da Provincia e posteriormente a outros lugares de Galicia, Centro Galegos da emigración. Hoxe os *Segredos da Gaita* estúdanse en moitos países traducido ás súas propias lingua.

Pero non somentes o ensino científico da gaita foi a nosa meta. Outras actividades centraron a nosa ilusión ao longo destes trinta anos. Coa Escola Provincial de Gaitas nace a Primeira Xuntanza de Gaiteiros do País (Festas da Ponte 1985); itinerante por distintos concellos da provincia ata consagrarse como un evento internacional de referencia. Este evento foi una importante escola para gaiteiros de distintos rincóns do planeta, polo que pasaron as más relevantes figuras do mundo da gaita.

Por medio da Real Banda de Gaitas desenvólvese un importante labor de difusión e dignificación da nosa música, sendo modelo a seguir por moitas outras agrupacións nacidas en Galicia e outros lugares do mundo. Levamos a nosa música desde a romaría máis humilde ata os lugares máis destacados do planeta.

O Museo Internacional de Cornamusas, o Anuario da Gaita, as publicacións de investigación no eido da música popular, os rexistros audiovisuais, o arquivo, a organización de encontros de Bandas de Gaitas e moitas outras actividades convirtiron a Ourense no centro para o estudio da gaita.

Facemos votos para que a Escola Provincial de Gaitas, baixo o patrocinio e apoio da Deputación de Ourense, siga ser un referente neste mundo cambiante, onde tamén a cultura dos séculos teña un espacio.